

Unidade 13: OS SÉCULOS ESCUROS.

ESQUEMAS:

SÉCULOS ESCUROS: DO XV AO XVIII			
A DECADENCIA DA LINGUA E LITERATURA GALEGAS			
Causas da decadencia: feitos políticos e históricos			
Séc. XIV: loitas civís entre Pedro I e Enrique II. Os nobres galegos apoian ao 1º, que será derrotado. Enrique II trae nobres de fóra, así como cregos, abades, escribáns, etc. E traen a súa lingua: o castelán.	Séc. XV: rebelións do campesiñado → as revoltas irmandiñas (os irmandiños serán vencidos polos nobres)	Labor dos Reis Católicos: acabaron cos últimos restos do poder da nobreza galega. Defensores dunha monarquía autoritaria e unificadora. →	Proceso unificador: .-O castelán = lingua oficial dos seus reinos. .-A “Santa Hermandad” (que substitúe os exércitos dos nobres feudais) .-Órganos centralizadores como a <i>Real Audiencia</i> da Coruña usan o castelán. .-Os escribáns deben dominar o castelán (Orde de 1480). .-Os mosteiros galegos pasan a depender de Valladolid. As xerarquías relixiosas tampouco son galegas.
A lingua nestes séculos: Bilingüismo: Castelán: utilizado pola alta nobreza, altos cargos, bispos e xerarquías eclesiásticas. Galego: usado pola maioría do pobo (labregos, mariñeiros, artesáns) Pero, para obter cargos na Administración ou na Igrexa debían aprender o castelán.			
LITERATURA: A escola lírica galego-castelá .-Morte do conde de Barcelos (1354), último mecenas da lírica galego-portuguesa → lírica que entra en crise. .-Escola galego-castelá (nas cortes dos reis de Castela). Esta poesía recóllese en Cancioneiros casteláns, como o <i>Cancioneiro de Baena</i> (recompilación feita por Juan Alfonso de Baena), que conserva unhas 74 composicións galegas, cunha lingua cargada de castelanismos. .-Xéneros: a <u>cantiga</u>, o <u>dicir</u>, de tema filosófico ou moral, e as <u>preguntas e respostas</u>. .-Poeta máis coñecido: Macías o Namorado. .-Derradeiro poeta desta escola: Gómez Manrique (1412-1491)			

A LITERATURA GALEGA NOS SÉCULOS ESCUROS (XVI-XVII-XVIII)	
→O galego deixa de ser lingua oficial. →Apenas hai literatura culta ou escrita en galego. →O galego pervive na literatura popular oral	
Séculos XVI-XVII Propiamente os séculos escuros da nosa literatura. PERO, son os Séculos de Ouro da literatura castelá e da portuguesa (renacemento, barroco).	Século XVIII O século da Ilustración. Iníciase un proceso de recuperación do galego
Manifestacións literarias:	
Literatura oral e popular: .-Cantigas populares, acompañadas normalmente de música e baile. Sécs. XVI-XIX: de moda as panxoliñas galegas en igrexas de España e Portugal, porque desenvolvían un ambiente rural e atrasado moi apropiado para o nacemento de Cristo. .-Contos e lendas orais, así como refráns e adiviñas.	Literatura culta: .-As composicións das <u>Festas Minervais</u> , cuxo tema era loar a figura do arcebispo Alonso III de Fonseca (fundador da Universidade de Santiago), recollidas nun libro. .-Dous sonetos de corte renacentista e barroco, recollidos en 1612: <i>Soneto con falda</i> de Xoán Gómez Tonel e o pranto <i>Respice finem</i> de Pedro Vázquez de Neira, para chorar a morte da raíña dona Margarida de Austria. .-As “Décimas ao Apóstolo Santiago”, escritas en 1617 polo crego santiagués Martín Torrado, para criticar o intento de nomear a Teresa de Xesús copatroa de España. .-Soneto de Isabel de Castro e Andrade: primeira escritora que aparece na literatura galega. .-Vilancicos cultos de Nadal. .-Poesías de circunstancias: “Coplas no saqueo de Cangas polos turcos”, de 1617. TEATRO: <i>Entremés famoso sobre a pesca no río Miño</i> , de Gabriel Feixó de Araújo, probablemente ourensán.

As ideas lingüísticas dos ilustrados. A literatura popular.

📖 ESQUEMAS:

A) O SÉCULO XVIII:

Principios centralizadores (baseados nos de Francia)→	.-Decreto de Nova Planta (1707): todos os reinos de España debían obedecer as mesmas leis, usos, costumes e tribunais. .-Real Cédula de Aranjuez (1768): establece que en todos os reinos de España e en todas as actividades se use o castelán. .-En 1780 unha Real Cédula marca que en todas as escolas de España ha de ensinárselle o castelán seguindo a gramática da RAE (fundada en 1713).	→Espírito centralizador da Ilustración: parte da idea de que a RAZÓN é universal, por iso todas as leis e usos deben ser universais. ↓
Dinastía de Borbón, de orixe francesa: Carlos III impulsou a Ilustración en España.		PERO: En Galicia outros ilustrados aplicaron a razón á análise da súa situación lingüística e así:
	SÉCULO XVIII: A ILUSTRACIÓN. A RAZÓN	→frei Benito Jerónimo Feijoo defendeu que o galego non era unha corrupción do castelán, e que procedía do latín.
		→frei Martín Sarmiento: .-escribiu obras científicas sobre o galego (en castelán); .-estableceu a relación do galego co latín; .-descubriu a existencia da literatura medieval galega; .-<u>defendeu con criterios racionais o uso do galego no ensino</u>; .-propón o galego como lingua de ensino; que se escriban en galego unha gramática e unha “Historia Natural”; .-ve ilóxico que non se use o galego na predicación relixiosa, na xustiza e na administración.
		Cultivo literario do galego: .-Sarmiento: <i>Coloquio de 24 gallegos rústicos, Colección de voces y frases gallegas</i>. .-1 soneto de Xosé A. Cornide. .-15 poemas en galego de Diego Antonio Cernadas y Castro, cura de Fruime. .-O <i>Pranto da frota, por unha ninfa galega</i> de Anselmo Feijoo. .-1 romance humorístico de María Francisca de Isla e Losada.

B) A literatura popular:

Literatura popular:

	.-Textos literarios (poemas e contos, sobre todo) que se transmiten oralmente. .-Durante os Séculos Escuros o galego perviviou nesta tradición oral. .-No Rexurdimento a literatura culta e escrita apóiase na popular. .-No séc. XX os narradores de relato curto ou conto (Fole, Cunqueiro, Rivas) deben moito á	
A lírica popular: .-Composicións sinxelas, de rima asonante e versos de arte menor; moitas destinadas ao canto. .-Tratan sentimentos sinxelos: o amor, os labores agrícolas e mariñeiros, as festas... .-Xéneros: <u>cantigas</u>, <u>romances</u>, <u>poemas de festa e xuntanza</u>.		A narrativa popular: .-<u>Contos</u>. Xéneros: sentenciosos e morais, de burlas, de animais, fantásticos. .-Lingua: con castelanismos e vulgarismos, debido á situación diglósica do galego. Pero tamén expresións e locucións propias da linguaxe falada espontánea.

O Prerrexurdimento.

ESQUEMAS-RESUMOS:

A) Cara á modernidade.-Contexto histórico.

.-Morte de Fernando VII → fin do absolutismo (pero guerras carlistas).

.-Reinado de Isabel II → ideas liberais e progresistas.

.-1841-1843: Bienio progresista (rexencia do xeneral Espartero)

→ aparece o provincialismo, defensa dos intereses, da lingua e da cultura de Galicia.

→ Levantamento de Solís de 1846: levantamento liberal progresista contra o conservador Narváez. Acaba en derrota: fusilados de Carral.

→ Movemento dos Precusores de reivindicación da propia identidade fronte aos estados centrais. Baseábanse na lingua e nos costumes propios, pero tamén nun pasado autónomo, relacionado co mundo celta prerromano (historiadores: Veree e Aguiar, Vicetto, Murguía).

→ Recuperación da lingua galega: certame literario “Xogos Florais” (A Coruña 1861) de poemas en galego e castelán. Poemas publicados no libro *Álbum de la Caridad. Juegos Florales de La Coruña* (1862), que contiña un apéndice, *Mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*, primeira escolma da poesía galega moderna.

B) A LITERATURA DO PRERREXURDIMENTO:

PRERREXURDIMENTO: 1840-1863	
Características:	Autores e obras:
→ Período: 1840 (movemento provincialista, levantamento reivindicativo de 1846) – 1863 (publicación do 1º libro en galego: <i>Cantares gallegos</i> de Rosalía de Castro). → Non se publica ningún libro enteiro en galego. → Xénero cultivado: a <u>poesía</u> (adoita ser costumista, e tenta rexeitar os prexuízos antigaleguistas dos Séculos Escuros). → A lingua: .-chea de vulgarismos e castelanismos: non hai gramática, dicionario nin normas ortográficas. .-Tamén con dialectalismos: os poetas parten da variante dialectal da súa zona de nacemento ou residencia. .-Uso do sistema gráfico do castelán.	→ Francisco Añón: poemas publicados en revistas e xornais da época. Participación e éxito nos <i>Xogos Florais</i>, co poema <i>A Galicia</i>. Poemas costumistas: <i>A pantasma</i>, <i>O magosto</i>, <i>A leiteira</i>. → Alberto Camino: autor de <u>farsas</u>, hoxe perdidas. Poemas (románticos): <i>O desconsolo</i>, <i>Nai chorosa</i>. → Xosé García Mosquera: poema <i>A vida no campo</i>, paráfrase do poema de Horacio <i>Beatus ille</i>. → Xoán Manuel Pintos: escribiu a obra máis famosa deste período, <i>A gaita gallega</i> (1853). Mestura: prosa e verso en castelán, galego e latín. Defende o uso do galego en todos os ámbitos.

▷ COMENTARIO LITERARIO DE “A GAITA GALLEGA” (Xoán Manuel Pintos), Páx. 319.

. ACHEGAMENTO AO POEMA E AO SEU CONTEXTO.

Este poema figura na “Foliada” do libro *A Gaita Gallega*, publicado en 1857. O libro divídese en 7 partes que reciben o nome de “Foliadas” e que se relacionan entre elas por medio dun didáctico diálogo entre o Gaiteiro (alter ego de X. M. Pintos) e un tamborileiro de fóra de Galicia que é instruído nas cousas do país.

Esta é unha obra que se presentou no seu momento como un manual de aprendizaxe do idioma galego, polo que contén unha mestura trilingüe (galego, castelán e latín) de poesía, prosa, textos costumistas, moralistas, consideracións lingüísticas e correspondencias entre voces latinas e galegas co propósito de ennobrecer a lingua galega resaltando a súa orixe culta.

Con esta obra Pintos pretende iniciar aos lectores no coñecemento da lingua galega, da que fai ademais unha apaixonada defensa.

Este poema ten un marcado tinte social-patriótico e é representativo do Prerrexurdimento: a denuncia da situación marxinal de Galicia.

2. ACHEGAMENTO AO CONTIDO DO POEMA.

Tema: reclamación e queixa da situación de atraso e miseria na que se atopa Galicia.

Contido: pretende poñer de relevo os nefastos efectos que esta situación marxinal ocasionan nas xentes que a poboan. Deste xeito, Pintos explica a boa acollida que se dá á oligarquía castelanizante e o rexeitamento dos nados na terra.

3. A FORMA DO POEMA.

- Ausencia de título.

- Versos endecasílabos. As dúas primeiras estrofas teñen rima asonante e as dúas últimas consoante.
- É un soneto: componse de 2 cuartetos e 2 tercetos con rima ABBA, ABBA, CDC, DCD. Estrofa clásica, sobria e regular.
- Predominio absoluto dunha entoación exclamativa.
- Lexico popular, identitario e colectivo: gaiteiro, boi, palla...

ESTRUTURA: O divídese en dúas partes: os dous 1º cuartetos e os dous tercetos.

Os dous 1º cuartetos aglutinan as alusións á explotación e situación marxinal, mentres que os dous últimos tercetos, amosan as consecuencias que o referido na primeira parte do poema ten sobre os habitantes de Galicia. Nesta 2ª parte, Pintos fai referencia ao sometemento que sofre a poboación galega por causa dos aldraxes e da explotación que sofre Galicia.

4. RECURSOS ESTILÍSTICOS.

Metáfora: “boi de palla” (verso 1), alude a elementos propios da cultura campesiña, que estaba asociada coa meirande parte da poboación galega daquela época.

A figura de “boi” aparece vencellada ás seguintes palabras do texto: fortaleza, traballo, paciencia, resistencia, dureza, propio do país.

A figura de “palla” relaciónase con febleza, fragilidade, inestabilidade.

Se unimos ambos termos desta imaxe con Galicia, obtemos unha comparación que nos remite á decadencia de Galicia a pesar da súa tradicional fortaleza.

“aguillón de aceiro que che meten” (verso 3): alude a algo ferinte como é o sometemento e aldraxes que estaban a sufrir os galegos por parte dos foráneos.

Apóstrofe: ¡Ouh Galicia... (verso 1)

Hipérbaton : “dos fillos teus ó amor non tes dereito” (verso 14).
“co ferrete che rompen mil pedazos” (verso 11).

Enumeración: “No lombo teu zorrega, bate e malla” (verso 5).

Aliteración: “canta lástima ten de ti o Gaitero” (verso 2).

Encabalgamento: “¡Agarima alleeira eses ingratos
ou víboras que postas ó teu peito
co ferrete che rompen mil buratos!” (versos 9-10-11)

“¡No lombo teu zorrega, bate e malla
fasta o máis monicreque ferrancheiro,” (versos 5-6).